

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE XANEIRO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.


**1. - APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 2 DE 13 DE XANEIRO DE 2016.**

Acordouse aprobar a acta núm. 2/2016 de data 13 de xaneiro de 2016, da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE OBRA.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para construción de vivenda unifamiliar, na rúa Monte Faro, 22 – Lalín.

**3.- INFORME PREVIO.**



Secretaría Xeral

**3.1.-** Acordouse aprobar o informe do técnico de medio ambiente municipal, de data 13/01/16, en relación á solicitude licenza de obra para ampliación de explotación de porcino no lugar de Maceira, Lalín,

**3.2.-** Acordouse aprobar o informe do asesor urbanístico municipal, de data 18/01/16, en relación a **solicitude de licenza de obra para construción de explotación cunícola en Castro de Cabras – Lalín.**

#### **4.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE.**

**Quedou pendente para un mellor estudo.**

#### **5.- EXECUCIÓN DE SENTENZA.**

**5.1.-** Acordouse desestimar na súa totalidade o recurso de reposición interposto por interesado contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 26/10/15.

#### **6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**6.1.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.241,40 € (IVE incluído) con destino á contratación do servizo de dinamización (realización de actividades e coordinación) do Cocido Miúdo, que se celebrará os días 22, 23 e 24 de xaneiro de 2016 e contratar coa **Asociación Lobisome Producións**, a realización do citado servizo.

**6.2.-** Acordouse renunciar ao expediente de contratación denominado **“SERVIZO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS PARA O CDM LALÍN ARENA” (CSE102015)**, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de agosto de 2015.

**6.3.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SERVIZO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS DE FITNESS PARA O MULTIUSOS LALÍN ARENA” (CSE012016)** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con importe máximo de licitación de 26,00€/hora (IVE incluído) e un prazo de execución dun (1) ano prorrogable por un (1) ano máis.

**6.4.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 2.371,60 € (IVE incluído) con destino á contratación dos servizos especiais de limpeza do Lalín Arena con motivo da retransmisión dos *“Premios de Gastronomía Álvaro Cunqueiro”* e contratar con



Secretaría Xeral

**SERVIPLUS TOTAL, S.L.U.** a realización do citado servizo.

**6.5.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 7.485,35 € (IVE incluído) con destino á contratación dos servizos para impartir novas actividades (crossfit, método hipopresivo e core training) de xeito experimental no CDM Lalín Arena e contratar con **SERVIPLUS TOTAL, S.L.U.** a realización do citado servizo.

### **7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELEIROS DELEGADOS.**

**7.1.-** Acordouse solicitar a subvención regulada ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2016.

**7.2.-** Acordouse desestimar a reclamación presentada por interesada en relación á solicitude de subrogación de persoal por considerar que non existe causa xa que non existe unha sucesión empresarial.

**7.3.-** Acordouse acollerse á Liña 4. Emprego das Bases Reguladoras do Plan de Concellos 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, para a contratación de 34 persoas desempregadas.

**7.4.-** Acordouse a lta no programa de Xantar na Casa para unha persoa usuaria.


**7.5.-** Acordouse a baixa no servizo de préstamo de camas articuladas para unha persoa beneficiaria.


**7.6.-** Acordouse a alta no servizo de préstamo de camas articuladas para unha persoa beneficiaria.

**7.7.-** Acordouse a concesión dun posto e aprobación da alta e liquidación para o día 5 de xaneiro do ano 2016 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espéctáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica.

### **8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**8.1.-** Acordouse corrixir o erro padecido na sesión celebrada o día 7 de xaneiro de 2016 no punto 3.9.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

**8.2.-** Acordouse autorizar aos Alumnos de 4º de ESO “IES LAXEIRO”, a instalación dun posto destinado á venda de refrescos, pinchos, postres caseiros etc, o día da celebración da Feira do Cocido, é dicir, o 31 de xaneiro de 2016 no Campo da Feira Vello, para recaudar cartos e poder realizar a viaxe de fin de curso, debendo ubicar o posto fora da Carpa instalada no Campo da Feira Vello.

**8.3.-** Acordouse autorizar aos Alumnos do “IES RAMÓN MARÍA ALLER ULLOA”, para instalación dun posto destinado á venda diferentes produtos feitos por eles mesmos o día da celebración da Feira do Cocido, é dicir, o 31 de xaneiro de 2016 no Campo da Feira Vello, para recaudar cartos e poder realizar a viaxe de fin de curso, debendo ubicar o posto fora da Carpa instalada no Campo da Feira Vello.

**8.4.-** Acordouse desestimar a petición para a instalación dun posto de venda de churros na rúa Colón (ao lado da estatua do porco) o día da Feira do Cocido, cunha ocupación do posto de 2 metros , xa que ese día o dito espazo está reservado ao uso público de peóns.

**8.5.-** Por erro na sesión celebrada o día 13 de xaneiro de 2016 figuraba como ausente a Sra. Concelleira D<sup>a</sup>. Teresa Varela Fisteus, a cal asistiu a sesión incorporándose no punto núm. 5 Escritos e Comunicacóns.

-----

